



Resolución do 29 de xaneiro de 2008, da comisión de selección designada para cualificar o proceso para o ingreso na lista previa na categoría de Arquitecto Técnico, convocado por resolución do 28 de novembro de 2007 (DOG do 4 de decembro de 2007), pola que se aproba e se fai pública a constitución da comisión de selección, a incorporación dun asesor especialista para a súa colaboración na proba de galego e se eleva ó Director-Xerente proposta de contratación e nomeamento do mesmo.

En sesión que tivo lugar o día 25 de xaneiro de 2008, a comisión de selección designada para cualificar o proceso para o ingreso na lista previa na categoría de Arquitecto Técnico, convocado por resolución do 28 de novembro de 2007 (DOG do 4 de decembro de 2007) do Director-Xerente, e de conformidade co establecido nas bases xerais e específicas das que rexen o proceso, entre outros, **ACORDOU:**

Primeiro.- Aceptar os nomeamentos e constituírse en comisión de selección.

De conformidade co disposto na base xeral 2.1.8 e na base específica 2.1.5 das que rexen o proceso, acordou aceptar o nomeamento feito a través de resolución do Director-Xerente de 18 de xaneiro de 2008 e constituírse en comisión de selección, por contar coa presenza dos seus membros titulares, e coa asistencia do Presidente e do Secretario.

Segundo.- Incorporación de asesor especialista para a súa colaboración na proba de galego.

De conformidade co disposto na base xeral 2.1.8 e na base específica 1.4.1 das que rexen o proceso selectivo, acordou a incorporación dun asesor especialista, que se limitará a prestar a súa colaboración na súa especialidade, e que terá voz pero non voto.

Terceiro.- Nomeamento do asesor especialista para a súa colaboración na proba de galego.

De conformidade co disposto na base xeral 2.1.8 e na base específica 1.4.1 das que rexen o proceso selectivo, acordou elevar o Director-Xerente a proposta de contratación e nomeamento do asesor especialista que se relaciona a continuación.

Nome e apelidos: Manuel Núñez Singala

Titulación / especialidade: Licenciado en Filoloxía Hispánica (Sección Galego Portuguesa)

Santiago de Compostela, a 29 de xaneiro de 2008.

Asdo.- María Jesús Cobas Ríos

Presidenta da comisión de selección.

